

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

O equipo de mestras de Educación Infantil decidimos comezar un novo mini proxecto: **A FAMILIA**, cremos que neste tempo de confinamento non hai mellor temática que esta para traballar nas nosas casas, precisamente coas nosas familias.

• VISUALIZACIÓN DESTE CONTO

Con el trataremos a diversidade de familias: hai familias monoparentais (nas que o neno ou nena conta cun só proxenitor), familias nucleares (formadas polos dous proxenitores e os fillos/as), familias adoptivas, familias sen fillos/as, familias de pais separados, familias homoparentais, familias extensas...

Este conto mostra os diferentes tipos: <https://www.youtube.com/watch?v=L8oe2tNA0PQ>


Unha vez que o visualicedes, poderedes **comentar** o que vistes neste conto e, a continuación, falar de **como é a vosa familia**, cales son os membros que a compoñen...

• A CREACIÓN DA VOSA ÁRBORE XENEALÓXICA

Pasos para facela:

- Buscar **fotos** da vosa familia.
- Decidide se queredes incluír tamén aos tíos/as primos/as, bisavós/as,...
- **Observade** xuntos as fotos e **falade** sobre quen sae nelas e que relación de parentesco ten cos nenos e nenas.
- Estas fotos tamén poden servir para **lembrar** momentos e experiencias vividos xuntos, gustos compartidos, recordos,...
- As nenas e nenos poden **escribir** o parentesco ou o nome con cada persoa (por exemplo, AVOA ou CARMEN).
- E agora...a **montar** a vosa propia árbore! Podedes facelo cos materiais e a forma que vós queirades, como sempre vos digo, entra en xogo a vosa imaxinación das nenas e nenos. De todas formas deixámosvos algunha imaxe de **exemplo**:

Se non tedes fotos de cada membro da familia non pasa nada, podeades debuxalos, seguro que vos quedarán moi guapos/as.



Unha vez feita a árbore, cobcádea nun **lugar especial** da vosa casa, seguro que vos axuda a levar mellor estes momentos.


Ademais, podeades sacarle unha **foto** e compartirla cos **familiares** que, desde que todo isto comenzou, non podestes ver. Estaría ben que a foto fose acompañada dunha pequena **mensaxe** de texto que eles mesmos/as poden crear. Como escribirán esta mensaxe:

- Decidir de forma oral o que queredes dicir.
- Escribir a mensaxe. Se é moi longa e hai dificultade, poden escribir as palabras clave ou as máis importantes.
- Sacarlle unha foto á vosa árbore.
- A mensaxe xa está lista para mandar.

• DESCOMPOSICIÓN NUMÉRICA

Nesta proposta imos a descompoñer o número 6. Na clase, para descompoñer diferentes números, usábase a casa onde tiñamos que repartir á xente polas habitacións das diferentes plantas. Neste caso, como o que vamos descompoñer é o número 6, teremos que repartir a 6 persoas nas dúas habitacións da primeira planta, 6 persoas nas dúas habitacións da segunda planta, 6 persoas nas dúas habitacións da terceira planta... e así ata rematar todas as plantas, de maneira que non se repita a forma de repartilas en ningunha das plantas. É moi sinxelo.

Só teredes que debuxar esta casa:




Agora, prepararán ás 6 persoas que van a durmir no hotel. Simplemente collerán 6 tapóns e debuxarán en cada un deles un macaquiño, de esta maneira:

(Na aula usábase os tapóns ou incluso moedas, sería mellor que o seguirán facendo así para non perder a rutina, pero tamén vale calquera outro obxecto como macarróns, garabanzos, pezas...):



Finalmente, deberán repartilos polas plantas da casa. A continuación déixovos a solución, pero os nenos e nenas non deberán vela.

	
0	6
1	5
2	4
3	3
4	2
5	1
6	0